

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 7 de setembro de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación mixta de subministro e servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración de nadal (5.481-106) (emenda da documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 31 de agosto de 2018, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. LA FIESTA ESCÉNICA, S.L.: deberá presentar o Documento Europeo Único de Contratación (DEUC) esixido na cláusula 8.3 do PCAP debidamente cumprimentado.
2. ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L. (EVENTUMPRO) (lotes 1 e 2): deberá emendar a solvencia económica e técnica segundo o esixido no apartado 5 do Anexo I -FEC- e cláusula 8.3 do PCAP, pois a que declaran é insuficiente para este contrato; así mesmo, indicarán se posúen a habilitación profesional esixida no apartado 5G do referido Anexo I.

Dos anteriores licitadores, presentou documentación en prazo ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L. (EVENTUMPRO).

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento a ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L. (EVENTUMPRO) por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- b) Non admitir neste procedemento a LA FIESTA ESCÉNICA, S.L. por non ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos (DEUC).

O que publicamos para coñecemento xeral e demais efectos, informando que contra a anterior resolución poderá interpoñer recurso de alzada ante o órgano de contratación, a Xunta de Goberno Local, no prazo de un mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, ambos os dous contados dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación.



Este anuncio publícase para os efectos sinalados na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares (“As notificacións practícaranse por medios electrónicos o mesmo día da publicación do seu contido no perfil de contratante. Cando nelas se sinala algún prazo para a práctica dalgunha actuación polo destinatario, este computarase desde a data de publicación no perfil de contratante”), ao abeiro do previsto na disposición adicional 15ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/09/2018 12:49	Páxina 2 de 2
Expediente 5481/106	CSV: 29E151-2E26E3-D4222B-WCSP73-DPDWUK-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		